

MISIÓN

- I. Dispor de **ferramentas de seguimento e valoración** do nivel de cumprimento dos servizos.
- II. **Identificar procesos e servizos.**
- III. **Mellorar as canles de comunicación coa cidadanía.**
- IV. **Innovar e mellorar**

NORMATIVA REGULADORA

- A *Lei 38/2003*, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A *Lei 9/2007*, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- *Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Lei 30/1992*, do 2 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, modificada pola *Lei 4/1999*, do 13 de xaneiro.

RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS

Os usuarios poderán formular as súas suxestións ou queixas de forma presencial, por correo postal e medios telemáticos.

A súa presentación poderá realizarse por calquera dos medios previstos na Lei 30/92 ou na caixa de correo habilitada a tal efectos nas dependencias da Área de Promoción Económica e Social

LOCALIZACIÓN E CONTACTO


Área de Promoción Económica e Social,
Departamento Ben Empregado

Dirección: Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo

Teléfonos: 982 260 227 - 982 260 085

Horario de atención ao cidadán: luns a venres: 9:00 a 14:00 (presencial e electrónica)

Dirección web: www.deputacionlugo.gal



SERVIZO DE PROMOCIÓN DAS ENTIDADES



DEPUTACIÓN DE LUGO

SERVIZO DE PROMOCIÓN DAS ENTIDADES

<i>Servizo prestado</i>	<i>Compromiso</i>	<i>Indicadores</i>
Promoción do Networking <i>interno</i>	Promover un servizo de <i>networking interno</i> entre as empresas que forman parte do proxecto. Por exemplo, levando a cabo xornadas, talleres ou seminarios impartidos polos nosos usuarios ou mediante a realización de ofertas de descontos entre as empresas e entidades beneficiarias do Ben Empregado.	<ul style="list-style-type: none">• Porcentaxe de empresas que participen nesta iniciativa.
Promoción do Networking <i>externo</i>	Promover un servizo de <i>networking externo</i> con empresas de fóra do proxecto, de similares ou complementarias características ás xa existentes. Isto pode servir, por exemplo, para compartir provedores, comercializar ou facer campañas de promoción de forma conxunta.	<ul style="list-style-type: none">• Porcentaxe de empresas que participen nesta iniciativa.
Publicidade das empresas	Publicitar ás empresas a través do Boletín Informativo. Neste espazo as entidades poderán dar a coñecer produtos e servizos que prestan.	<ul style="list-style-type: none">• Número de entidades interesadas en difundir os seus servizos no Boletín Informativo.